



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECCIÓN DE PEÓN-CONDUTOR

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a **CONTRATACIÓN** en réxime de dereito laboral, a xornada completa, baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servizo determinado, de acordo co artigo 15.1.a) do Estatuto dos Traballadores, **DUN PEÓN CONDUTOR** para a realización de tarefas de mantemento no Concello de Mesía.

BASE SEGUNDA. RETRIBUCIÓNS E FINANCIACIÓN

A contía das retribucións será imputable ás aplicacións orzamentarias 453.13100 e 453.16000 do orzamento de gastos de 2018. A retribución mensual bruta será de 1.248,95 euros.

BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO TRABALLADOR

O aspirante seleccionado no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social e demais requisitos legais, ata a finalización do servizo, tendo o contrato unha duración máxima de seis meses.

A xornada laboral será de 40 horas semanais, en horario de mañá e tarde, de luns a domingo, cos descansos regulamentarios, polo cal o traballador terá dispoñibilidade horaria plena.

BASE CUARTA. PUBLICIDADE

A convocatoria do presente proceso selectivo publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e a convocatoria e as bases que a rexen na páxina web do concello (www.concellodemesia.gal) e no taboleiro de edictos da Casa Consistorial.

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emplacements deles, levaranse a cabo unicamente a través da páxina web e do taboleiro de anuncios do concello.

BASE QUINTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder tomar parte no proceso de selección será necesario que os aspirantes reúnan, na data de finalización do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

1. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación.
2. Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar nacionais doutros Estados nos termos do artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.
3. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente ni estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
4. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
5. Posuír o certificado de escolaridade ou certificado de estudos primarios ou equivalente.
6. Posuír o carne de conducir B1 ou superior.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

BASE SEXTA. SOLICITUDE.

Os interesados deberán presentar no Rexistro Xeral do concello no prazo de oito días naturais contados dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no BOP, a seguinte documentación:

- Solicitud de participación, segundo o Anexo I destas bases.
- Copia cotexada do certificado de escolaridade, certificado de estudos primarios ou equivalente.
- Copia cotexada do DNI e do carne de conducir.
- Copia cotexada do Celga 2 ou equivalente, de ser o caso. De non acreditarse o coñecemento do galego será obrigatoria a realización dun exercicio de coñecemento de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral nun tempo máximo de dez minutos. O exercicio será cualificado de apto ou non apto e terá carácter eliminatorio (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

A presentación da documentación poderá facerse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. No caso de que se presentase a documentación noutros lugares que non fose o Rexistro xeral do Concello, os solicitantes deberán remitir o mesmo día do envío un fax ao número 981687069 ou un e-mail á correo@concellodemesia.gal axuntando a copia do xustificante de envío da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación. Se non o fixeran así non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao concello con posterioridade ao prazo previsto nestas bases para a presentación de solicitudes.

BASE SÉTIMA. LISTA DE AMDITIDOS E EXCLUIDOS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase, nun prazo non superior a 3 días hábiles, a relación de aspirantes admitidos e excluídos na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

Os aspirantes terán un prazo de 3 días hábiles dende esta publicación para a subsanación de deficiencias e/ou presentación de reclamacións.

Nun prazo non superior a 3 días hábiles dende a terminación do prazo anterior publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos, que será publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

Na mesma resolución emprazarase aos aspirantes admitidos para a realización das probas selectivas.

BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente D. Luís González Guerra, encargado de obras e urbanismo do Concello de Boimorto. Suplente: D. Manuel Vázquez García, encargado de servizos do Concello de Boimorto.

Vocais: D. Ramiro Rama Figueira, capataz da brigada de obras do Concello de Ordes. Suplente: D. Pedro Ferreiro Rodríguez, oficial de obras do Concello de Ordes.
D.^a Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía. Suplente: D.^a Ana M^aVallo Camba, aedl do Concello de Boimorto.
D.^a Carmen Blanco Villares, funcionaria do Concello de Mesía. Suplente: D. Francisco Javier Aguión Veiga, condutor palista de desbrozadora do Concello de Boimorto.

Secretario, con voz e sen voto: D. Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor do Concello de Mesía. Suplente: D. Jaime Mata Sesmonde, funcionario do Concello de Mesía.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias xurdan durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orden á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección efectuarase polo sistema de oposición, que consistirá en dous exercicios:

Primeiro exercicio: Realización dunha proba escrita sobre materias relacionadas co temario do Anexo II destas bases. Consistirá nun exame tipo test un test de 20 preguntas e valorarase de 0 a 20 puntos debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 1,00 punto e cada pregunta fallada descontará 0,50 puntos.

Segundo exercicio: Realización dunha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto de traballo. Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor e a celeridade na súa execución. Valorarase de 0 a 20 puntos debendo obter o aspirante unha puntuación mínima de 10 puntos para superar a proba. Durante a realización da proba práctica o Tribunal poderá formular as preguntas que considere oportunas para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

De existir empate, este resolveríase mediante unha entrevista persoal de carácter curricular que se valorará cun máximo de 2 puntos aos efectos de desfacer o empate. Na entrevista persoal, o Tribunal realizará un máximo de 10 preguntas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, actuacións habituais do Concello no eido das obras e servizos municipais, materias específicas do programa recollido no Anexo II desta convocatoria, coñecementos profesionais básicos e/ou preguntas de índole curricular e de personalidade, a fin de avaliar as aptitudes e actitudes dos aspirantes, así como apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto de traballo a ocupar.

BASE DÉCIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

O tribunal propondrá o nomeamento do aspirante que obtivera a maior puntuación no conxunto dos dous exercicios obxecto do proceso selectivo.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

BASE UNDÉCIMA.- RECURSOS

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso - administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do concello, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o Alcalde - Presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no BOP de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e concordantes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., parroquia de, concello de, C.P....., teléfono

EXPÓN:

Que desexa participar no proceso selectivo convocado para a provisión do posto de traballo de PEÓN CONDUTOR para a realización de TAREFAS DE MANTEMENTO NO CONCELLO DE MESÍA mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 16 de abril de 2018.

Para tal efecto fai constar:

- 1º.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria.
- 2º - Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.
- 3º - Que son certos todos os datos sinalados na presente solicitude.
- 4º. - Que achega coa presente solicitude a documentación xustificativa para a súa estimación

SOLICITA:

Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo.

Documentación que achega:

.....
.....
.....

Mesía, de de 2018

Asinado:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda s/n 15685 Mesía CIF: P1504800B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

ANEXO II . TEMARIO

1. Maquinaria
 - 1.1. Preparación e manexo do tractor.
 - 1.1.1. Tractores agrícolas.
 - i. Tipos, características, clasificación e aplicacións.
 - ii. Compoñentes principais. Constitución, funcionamento, métodos de manipulación e control do motor e os seus circuitos e sistemas.
 - 1.1.2. Os pneumáticos do tractor: tipos, constitución, dirección e instalación eléctrica.
 - 1.1.3. Sistemas de acoplamento de máquinas e apeiro ao tractor: compoñentes, características e métodos de aplicación.
 - 1.1.4. O lastrado do tractor: sistemas, métodos e efectos. Características e formas de aplicación.
 - 1.1.5. Os anchos da vía: sistemas, características e métodos de variación. Efectos do ancho da vía na aplicación xeral do tractor.
 - 1.1.6. O mantemento básico do tractor: normas, métodos e procedementos.
 - 1.1.7. Materiais, utensilios e ferramentas: características, efectos e métodos de aplicación en operacións básicas de mantemento e posta a punto do tractor.
 - 1.1.8. A cabina e paneis de control.
 - 1.2. Maquinaria de desbrozado.
 - 1.2.1. Conceptos, clasificación e aplicacións.
 - 1.2.2. Constitución e funcionamento.
 - 1.2.3. Métodos de manipulación, regulación e control.
 - 1.2.4. O mantemento diario.
 - 1.3. Mantemento do tractor e equipo de maquinaria.
 - 1.3.1. Limpeza, conservación e mantemento do tractor, apeiros e máquinas.
 - 1.3.2. Útiles e ferramentas de aplicación en operacións de mantemento e conservación: características e métodos de aplicación.
2. Xardinería
 - 2.1. Tarefas desenvolvidas polo peón.
 - 2.2. Podas.
 - 2.3. Abonados.
 - 2.4. Rego.
 - 2.5. Mantemento de céspedes.
 - 2.6. Maquinaria de xardinería. Utilización e mantemento.
3. Fichas de mantemento e control.
4. Conceptos xerais de seguridade laboral. Sistemas e equipos de protección individual. Métodos xerais de protección de accidentes. Primeiros auxilios ao accidentado.
5. O Concello de Mesía. Coñecementos xerais e rúeiro. Xeografía do concello. Os edificios e servizos públicos do Concello de Mesía.